



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 37

REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE VIVEIRO.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servicios na Piscina Municipal Climatizada de Viveiro, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó prevenido no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de servicios na Piscina Municipal Climatizada de Viveiro, ben mediante xestión directa do concello ou entidade del dependente, ou indirecta, a través dalgunha das modalidades previstas na normativa sectorial de aplicación.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que se beneficien dos servicios obxecto desta ordenanza.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, socedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

.- A cota tributaria regulada nesta ordenanza será a fixada no cadro de tarifas contidas nas alíneas seguintes, para cada un dos distintos servicios ou actividades.

2.- A tarifa desta taxa será a seguinte:

MODALIDADES	PREZO MENSUAL €	
	ABONADO	EVENTUAL
1. ABONOS (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade igual o superior á 33%)		
Individual	24	
Xoven	20	
Familiar:		
titular	24	
Cónxuxe	4	
Fillos(de 3 a 17 anos)	4	
Fillos (de 0 a 2 anos)	gratis	



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: concello@viveiro.es

Terceira idade:		
1 membro	17	
2 membros	25	
Matinal	18	
Abono fin semana (dende venres a las 14:30 h)	15	
2. BONOS E SERVIZOS		
Bonos de cotas:		
10 sesións adulto		30
10 sesións reducido(-16/+60) (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%)		20
Bonos especiais:		
10 sesións estudantes		20
10 sesións desempregados * Validez seis meses (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%) .		20
Entradas:		
Normal		4
Reducida (-16/+60) (Bonificación dun 50% a persoas con discapacidade maior o igual á 33%) .		2,5
Masaxes.		
1 masaxe	13	21
10 masaxes	90	170
Aluguer calle 1h	15	25
Aluguer bicicletas spinning 1h	2	2
Sesión actividades sala	3	3
3. CURSOS DE AUGA		
Adultos:		
Iniciación adultos 3 días	17	34
Iniciación adultos 2 días	13	26
Medio adultos 3 días	17	34
Medio adultos 2 días	13	26
Perfeccionamento adultos 3 días	17	34
Perfeccionamento adultos 2 días	13	26
Infantil (3 a 5 anos):		
Iniciación infantil 3 días	13	26
Iniciación infantil 2 días	10	20
Medio infantil 3 días	13	26
Medio infantil 2 días	10	20
Perfeccionamento infantil 3 días	13	26
Perfeccionamento infantil 2 días	10	20



EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: concello@viveiro.es

Nenos (6 a 16 anos)		
Iniciación nenos 3 días	13	26
Iniciación nenos 2 días	10	20
Medio nenos 3 días	13	26
Medio nenos 2 días	10	20
Perfeccionamento nenos 3 días	13	26
Perfeccionamento nenos 2 días	10	20
Bebes (0 a 36 meses)		
2 días	10	20
Auga-pilates		
2 días	13	26
Auga-fitness		
2 días	13	26
Natación entreno-competición	14	28
2 días		
4. CURSOS DE SALA		
Aerobic		
3 días	14	28
2 días	10	20
Spinning		
3 días	20	40
2 días	16	32
Pilates		
3 días	16	
2 días	12	
Fitball		
3 días	16	32
2 días	12	24
Ioga		
3 días	20	40
2 días	16	32
Intervalos		
3 días	16	32
2 días	12	24
Trideporte (3 días)	15	30
5. CURSIÑOS (QUINCENAS)	PREZO QUINCENA €	
Bonos de verán		
Individual		17
Xoven		13
Familiar		25
3ª idade 1 membro		13
3ª idade 2 membros		21
Vacacións deportivas	23	40
Natación		
Adultos	17	34



EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982.56.01.28 Fax:982.56.11.47 Correo Electrónico: concello@viveiro.es

Infantil	13	26
Nenos	13	26

ARTIGO 6.- DEVENGO E INGRESO DA TAXA

1.- O devengo da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades especificados no artigo anterior.

2.- O ingreso da taxa farase efectivo nalgún dos xeitos seguintes:

Abonos e cursos: Pagamento mensual, ingreso en conta, en efectivo ou domiciliación bancaria.

Acceso libre á piscina e servizos puntuais: Ó entrar ó recinto ou ó solicitar o aluguer ou calquera dos servizos puntuais ós que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 7.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo a infraccións tributarias e a súa cualificación, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, aplicaranse as normas contidas na Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

ARTIGO 8.- EXENCIÓNS, BONIFICACIÓNS E BENEFICIOS TRIBUTARIOS.

Están exentas as persoas físicas e xurídicas que, excepcionalmente e por motivos de natureza social ou de interese público, sexan concedidos en virtude de convenio de colaboración, aprobado polo Pleno

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de novembro de 2011 e modificada polo mesmo o 29 de decembro de 2015 e 11 de outubro de 2017, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no boletín oficial da provincia e manteráse vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.